



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e oito de decembro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Ricardo Rodicio González
José Antonio García Pérez
Inés Olmo González
Juan Ramón Méndez Quiroga
David López Goyanes
Fernando Parada Veiga
Adoración Fernández González
Javier González González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vint horas do día vinte e oito de decembro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- SOMETER Á CONSIDERACIÓN DO PLENO A MOCIÓN QUE SE PRESENTA A CONTINUACIÓN.

Dáse conta da seguinte proposta dos concelleiros David López Goyanes, Adoración Fernández González e Inés Olmo González.

Despois dos axustes que se están facendo en tódalas administracións nacionais e autonómicas, consideremos que a cantidade establecida para o traballo desempeñado polos outros membros do goberno, concelleiros, é una cuantía esaxerada debido a que todos teñen as súas profesións e se adican a elas na actualidade. Ademais cando se aprobou o salario para os concelleiros, na acta correspondente figura que "o alcalde disporá de un total de cinco horas e media diarias de dedicación, que poderá distribuír segundo as necesidades do Concello entre os membros da corporación que estime convinte"; esta xornada de traballo, na actualidade, so se reparte a un membro, o concelleiro D. Manuel González Moreira. Dito compañeiro exerce outras actividades profesionais, e está cobrando deste Concello unha retribución mensual de 1.375 €, cantidade que nos parece totalmente esaxerada, sobre todo para unha persoa que ten outros traballos e outras actividades.

Analizada a situación económica prantexada no Pleno Ordinario do día 24 de Outubro do ano en curso, onde se pretendía solicitar un crédito ICO para pagar tres facturas pendentes dos meses de Xaneiro e Febreiro. Dúas destas con cantidades insignificantes, xa que non superaban o importe de 1.300 €. Cremos que estamos nunha época de austeridade, onde se pode ver que a situación financeira do Concello é mala, por iso consideramos que se deben tomar medidas urxentes en canto a gastos.

Polo exposto, Os Grupos Municipais citados anteriormente, someten á consideración do Pleno esta moción, para que adopte o seguinte acordo:

- ❖ Revisión salarial do equipo de goberno para o ano 2012, na seguinte porcentaxe:
 - Asignar para o 2012 a retribución por hora diaria do Alcalde en 162 € mensuais. Isto significa unha rebaixa nun 40% a retribución por cada hora de traballo diaria o mes, respecto o ano 2011. En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de sete horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse xa que agora vai a ter outro traballo e non poderá estar tanto tempo na Alcaldía. Dita xornada cremos que no la debe indicar o Sr. Alcalde, xa que nos non sabemos o tempo que necesita para o seu traballo de veterinario.
 - Asignar para o ano 2012 a retribución por hora diaria dos concelleiros en 125 € mensuais. Isto significa unha rebaixa nun 50% a retribución por cada hora diaria de traballo o mes, respecto o ano 2011. En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de cinco horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse; debido a que o Concelleiro que cobra este salario ten outras actividades profesionais, e entendemos que a xornada de cinco horas e media diarias de adicación o Concello non é compatible cos seus outros traballos, sobre todo cando un destes é a hostalería. Dita xornada cremos que no la debe indicar o Concelleiro D. Manuel González Moreira, xa que nos non sabemos o tempo que necesita para as súas actividades profesionais.

Cabe sinalar que as retribucións económicas que se sinalan nesta moción, corresponden as cuantías brutas mensuais, e que serán asignadas en 14 retribucións anuais.

Parécenos de xustiza, adaptar e rebaixar o salario dos membros de goberno, debido a situación de crise actual, a débeda excesiva que hai neste Concello, e que todos membros do goberno teñen outros traballos e as súas respectivas profesións.

O Alcalde informa aos concelleiros de que o Secretario elaborou o informe que lle foi requirido na Comisión Informativa do día 26 e que lles foi remitida por correo electrónico aos edís que dispoñen de el o se entregou en man aos demais que puideron localizarse.

+ O portavoz popular pregunta ao Secretario se foi remitido hoxe.

O Secretario responde que non era legalmente obrigado informar nesta proposta e que o informe se lle requiriu o luns, e ata está mañá, pola súa complexidade, non o rematou.

Xúntase o texto do informe por ser así solicitado polo portavoz do goberno municipal.

Polos concelleiros David López Goyanes, Adoración Fernández González e Inés Olmo González se presenta o escrito rexistrado no concello co número 2.145/2012 de 12 de decembro no que solicitan a celebración dun pleno extraordinario para tratar a seguinte proposta: “Someter á consideración do Pleno a moción que se presenta a continuación”.

O escrito, pese a conter erros de forma como é o feito de estar nun só a petición de pleno e a proposta, foi admitido a trámite e polo tanto convocouse o pleno dentro dos prazos establecidos legalmente.

Aínda que na segunda parte do escrito se presentan dous apartados diferenciados, “exposición de motivos” e “proposta de acordo”, esta realmente é un conxunto entreverado de propostas, desexos e exposición de motivos.

Non obstante pódese deducir de el que a proposta de acordo é rebaixar as retribucións por hora diaria da alcaldía nun 40% ata os 162,00€, e a dos concelleiros con dedicación nun 50% ata os 125,00€.

Na exposición de motivos se indican os seguintes:

“Con esta compatibilidade entendemos que non vai poder adicarse tanto tempo á alcaldía, consecuentemente o seu salario debe ser menor. Esta situación deuse en anteriores legislaturas, onde había

outros alcaldes que compaxinaron a súa profesión con adicación a alcaldía, a remuneración económica foi proporcional ao se tempo de adicación a este concello”.

“Despois dos axustes que se están facendo en tódalas administracións nacionais e autonómicas, consideremos que a cantidade establecida para o traballo desempeñado polos outros membros do goberno, concelleiros, é una cuantía esaxerada debido a que todos teñen as súas profesións e se adican a elas na actualidade”.

“...esta xornada de traballo, na actualidade, so se reparte a un membro, o concelleiro D. Manuel González Moreira. Dito compañeiro exerce outras actividades profesionais, e está cobrando deste Concello unha retribución mensual de 1.375 €, cantidade que nos parece totalmente esaxerada, sobre todo para unha persoa que ten outros traballos e outras actividades”.

“...se pretendía solicitar un crédito ICO para pagar tres facturas pendentes dos meses de Xaneiro e Febreiro. Dúas destas con cantidades insignificantes, xa que non superaban o importe de 1.300 €. Creemos que estamos nunha época de austeridade, onde se pode ver que a situación financeira do Concello é mala, por iso consideramos que se deben tomar medidas urxentes en canto a gastos”.

“...o Concelleiro que cobra este salario ten outras actividades profesionais, e entendemos que a xornada de cinco horas e media diarias de adicación o Concello non é compatible cos seus outros traballos, sobre todo cando un destes é a hostalería...”

“Parécenos de xustiza, adaptar e rebaixar o salario dos nembros de goberno, debido a situación de crise actual, a débeda excesiva que hai neste Concello, e que todos nembros do goberno teñen outros traballos e as súas respectivas profesións”.

Informar sobre esta proposta é unha labor complexa xa que non existe unha previsión legal sobre esta posibilidade nin quen subscribe ten coñecemento de xurisprudencia sobre esta materia.

En todo caso a lexislación directa aplicable é a seguinte:

Constitución Española de 1978 sancionada o día 27 de decembro de 1978, en especial os seus artigos 10, 14 e 23.

Artículo 10.

1. La dignidad de la persona, los derechos inviolables que le son inherentes, el libre desarrollo de la personalidad, el respeto a la Ley y a los derechos de los demás son fundamento del orden político y de la paz social.

2. Las normas relativas a los derechos fundamentales y a las libertades que la Constitución reconoce se interpretarán de conformidad con la Declaración Universal de Derechos Humanos y los Tratados y acuerdos internacionales sobre las mismas materias ratificados por España.

Artículo 14.

Los españoles son iguales ante la Ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social.

Artículo 23.

1. Los ciudadanos tienen el derecho a participar en los asuntos públicos directamente o por medio de representantes, libremente elegidos en elecciones periódicas por sufragio universal.

2. Asimismo, tienen derecho a acceder en condiciones de igualdad a las funciones y cargos públicos, con los requisitos que señalen las Leyes.

Artigo 75 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local coas modificacións habidas.

Artículo 75.

1. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán retribuciones por el ejercicio de sus cargos cuando los desempeñen con dedicación exclusiva, en cuyo caso serán dados de alta en el Régimen general de la Seguridad Social, asumiendo las Corporaciones el pago de las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior.

En el supuesto de tales retribuciones, su percepción será incompatible con la de otras retribuciones con cargo a los presupuestos de las Administraciones públicas y de los entes, organismos o empresas de ellas dependientes, así como para el desarrollo de otras actividades, todo ello en los términos de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas..

2. Los miembros de las Corporaciones locales que desempeñen sus cargos con dedicación parcial por realizar funciones de presidencia, vicepresidencia u ostentar delegaciones, o desarrollar responsabilidades que así lo requieran, percibirán retribuciones por el tiempo de dedicación efectiva a las mismas, en cuyo caso serán igualmente dados de alta en el Régimen General de la Seguridad Social en tal concepto, asumiendo las Corporaciones las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior. Dichas retribuciones no podrán superar en ningún caso los límites que se fijen, en su caso, en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado. En los acuerdos plenarios de determinación de los cargos que lleven aparejada esta dedicación parcial y de las retribuciones de los mismos, se deberá contener el régimen de la dedicación mínima necesaria para la percepción de dichas retribuciones.

Los miembros de las Corporaciones locales que sean personal de las Administraciones públicas y de los entes, organismos y empresas de ellas dependientes solamente podrán percibir retribuciones por su dedicación parcial a sus funciones fuera de su jornada en sus respectivos centros de trabajo, en los términos señalados en el artículo 5 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado sexto del presente artículo..

3. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el pleno de la misma..

4. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán indemnizaciones por los gastos efectivos ocasionados en el ejercicio de su cargo, según las normas de aplicación general en las Administraciones públicas y las que en desarrollo de las mismas apruebe el pleno corporativo..

5. Las Corporaciones locales consignarán en sus presupuestos las retribuciones, indemnizaciones y asistencias a que se hace referencia en los cuatro números anteriores, dentro de los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. Deberán publicarse íntegramente en el "Boletín Oficial" de la Provincia y fijarse en el tablón de anuncios de la Corporación los acuerdos plenarios referentes a retribuciones de los cargos con dedicación exclusiva y parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizaciones y asistencias, así como los acuerdos del Presidente de la Corporación determinando los miembros de la misma que realizarán sus funciones en régimen de dedicación exclusiva o parcial..

6. A efectos de lo dispuesto en el artículo 37.3.d) del Estatuto de los Trabajadores y en el artículo 30.2 de la Ley 30/1984, se entiende por tiempo indispensable para el desempeño del cargo electivo de una Corporación local, el necesario para la asistencia a las sesiones del pleno de la Corporación o de las Comisiones y atención a las Delegaciones de que forme parte o que desempeñe el interesado..

7. Los representantes locales, así como los miembros no electos de la Junta de Gobierno Local, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidad y sobre cualquier actividad que les proporcione o pueda proporcionar ingresos económicos.

Formularán asimismo declaración de sus bienes patrimoniales y de la participación en sociedades de todo tipo, con información de las sociedades por ellas participadas y de las liquidaciones de los impuestos sobre la Renta, Patrimonio y, en su caso, Sociedades.

Tales declaraciones, efectuadas en los modelos aprobados por los plenos respectivos, se llevarán a cabo antes de la toma de posesión, con ocasión del cese y al final del mandato, así como cuando se modifiquen las circunstancias de hecho.

Las declaraciones anuales de bienes y actividades serán publicadas con carácter anual, y en todo caso en el momento de la finalización del mandato, en los términos que fije el Estatuto municipal.

Tales declaraciones se inscribirán en los siguientes Registros de intereses, que tendrán carácter público:

a) La declaración sobre causas de posible incompatibilidad y actividades que proporcionen o puedan proporcionar ingresos económicos, se inscribirá, en el Registro de Actividades constituido en cada Entidad local.

b) La declaración sobre bienes y derechos patrimoniales se inscribirá en el Registro de Bienes Patrimoniales de cada Entidad local, en los términos que establezca su respectivo estatuto.

Los representantes locales y miembros no electos de la Junta de Gobierno Local respecto a los que, en virtud de su cargo, resulte amenazada su seguridad personal o la de sus bienes o negocios, la de sus familiares, socios, empleados o personas con quienes tuvieran relación económica o profesional podrán realizar la declaración de sus bienes y derechos patrimoniales ante el Secretario o la Secretaria de la Diputación Provincial o, en su caso, ante el órgano competente de la Comunidad Autónoma correspondiente. Tales declaraciones se inscribirán en el Registro Especial de Bienes Patrimoniales, creado a estos efectos en aquellas instituciones.

En este supuesto, aportarán al Secretario o Secretaria de su respectiva entidad mera certificación simple y sucinta, acreditativa de haber cumplimentado sus declaraciones, y que éstas están inscritas en el Registro Especial de Intereses a que se refiere el párrafo anterior, que sea expedida por el funcionario encargado del mismo..

8. Durante los dos años siguientes a la finalización de su mandato, a los representantes locales a que se refiere el apartado primero de este artículo que hayan ostentado responsabilidades ejecutivas en las diferentes áreas en que se organice el gobierno local, les serán de aplicación en el ámbito territorial de su competencia las limitaciones al ejercicio de actividades privadas establecidas en el artículo 8 de la Ley 5/2006, de 10 de abril, de Regulación de los Conflictos de Intereses de los Miembros del Gobierno y de los Altos Cargos de la Administración General del Estado.

A estos efectos, los Ayuntamientos podrán contemplar una compensación económica durante ese periodo para aquellos que, como consecuencia del régimen de incompatibilidades, no puedan desempeñar su actividad profesional, ni perciban retribuciones económicas por otras actividades.

Artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Artículo 13 .

1. Los miembros de las Corporaciones Locales tendrán derecho a percibir, con cargo al Presupuesto de la entidad local, las retribuciones e indemnizaciones que correspondan, en los términos que se determinan en los párrafos siguientes..

2. De acuerdo con lo establecido en el artículo 75.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, tendrán derecho a percibir retribuciones y a ser dados de alta en el Régimen General de la Seguridad Social los miembros de las Corporaciones Locales que desarrollen sus responsabilidades corporativas en régimen de dedicación exclusiva.

En el supuesto de tales retribuciones, su percepción será incompatible con la de cualquier otra retribución con cargo a los Presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos y Empresas de ellas dependientes.

3. El reconocimiento de la dedicación exclusiva a un miembro de la Corporación exigirá la dedicación preferente del mismo a las tareas propias de su cargo, sin perjuicio de otras ocupaciones marginales que, en cualquier caso, no podrán causar detrimento a su dedicación a la Corporación. En el caso de que tales ocupaciones sean remuneradas, se requerirá una declaración formal de compatibilidad por parte del Pleno de la entidad local..

4. El Pleno corporativo, a propuesta del Presidente, determinará, dentro de la consignación global contenida a tal fin en el Presupuesto, la relación de cargos de la Corporación que podrán desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva y, por tanto, con derecho a retribución, así como las cuantías que correspondan a cada uno de ellos en atención a su grado de responsabilidad. El nombramiento de un miembro de la Corporación para uno de estos cargos sólo supondrá la aplicación del régimen de dedicación exclusiva si es aceptado expresamente por aquél, en cuyo caso esta circunstancia será comunicada al Pleno de la siguiente sesión ordinaria..

5. Todos los miembros de la Corporación, incluidos los que desempeñen cargos en régimen de dedicación exclusiva, tendrán derecho a recibir indemnizaciones por los gastos ocasionados por el ejercicio del cargo, cuando sean efectivos, y previa justificación documental, según las normas de aplicación general en las Administraciones Públicas y las que en este sentido aprueba el Pleno corporativo..

6. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de que formen parte, en la cuantía que señale el Pleno de la misma. No obstante, todos podrán percibir esta clase de indemnizaciones cuando se trate de órganos rectores de Organismos dependientes de la Corporación local que tengan personalidad jurídica independiente, de Consejos de Administración de Empresas con capital o control municipal o de Tribunales de pruebas para selección de personal.

Artigo 63.1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artículo 63 Anulabilidad.

1. Son anulables los actos de la Administración que incurran en cualquier infracción del ordenamiento jurídico, incluso la desviación de poder.

Polas razóns que se indicarán, quen subscribe considera tamén de aplicación a seguinte:

Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995 de 24 de marzo.

Estatuto Básico do Empregado Público aprobado pola Lei 7/2007 de 12 de abril.

Tamén, e de acordo co establecido no artigo 10.2 da Constitución Española,

Preámbulo da Constitución da OIT, sancionada no ano 1919 logo da fundación de dito organismo no marco das negociacións do tratado de Versalles que puxo fin á primeira guerra mundial.

... recoñecemento do principio de salario igual por un traballo de igual valor...

Declaración da Conferencia Xeral da OIT en Filadelfia. Declaración relativa a los fines y objetivos de la Organización Internacional del Trabajo.

La Conferencia General de la Organización Internacional del Trabajo, congregada en Filadelfia en su vigésima sexta reunión, adopta, el día diez de mayo de 1944, la presente Declaración de los fines y objetivos de la Organización Internacional del Trabajo y de los principios que debieran inspirar la política de sus Miembros.

I. La Conferencia reafirma los principios fundamentales sobre los cuales está basada la Organización y, en especial, los siguientes:

a) el trabajo no es una mercancía;

II. *La Conferencia, convencida de que la experiencia ha demostrado plenamente cuán verídica es la declaración contenida en la Constitución de la Organización Internacional del Trabajo, según la cual la paz permanente sólo puede basarse en la justicia social afirma que:*

a) todos los seres humanos, sin distinción de raza, credo o sexo tienen derecho a perseguir su bienestar material y su desarrollo espiritual en condiciones de libertad y dignidad, de seguridad económica y en igualdad de oportunidades;

b) el logro de las condiciones que permitan llegar a este resultado debe constituir el propósito central de la política nacional e internacional;

c) cualquier política y medida de índole nacional e internacional, particularmente de carácter económico y financiero, deben juzgarse desde este punto de vista y aceptarse solamente cuando favorezcan, y no entorpezcan, el cumplimiento de este objetivo fundamental;

Convenio N° 100 da OIT sobre igualdade de remuneración, aprobado na Conferencia Xeral de Xenebra de 1951

Artículo 1

A los efectos del presente Convenio:

a) el término remuneración comprende el salario o sueldo ordinario, básico o mínimo, y cualquier otro emolumento en dinero o en especie pagados por el empleador, directa o indirectamente, al trabajador, en concepto del empleo de este último;

b) la expresión igualdad de remuneración entre la mano de obra masculina y la mano de obra femenina por un trabajo de igual valor designa las tasas de remuneración fijadas sin discriminación en cuanto al sexo.

Artículo 2

1. Todo Miembro deberá, empleando medios adaptados a los métodos vigentes de fijación de tasas de remuneración, promover y, en la medida en que sea compatible con dichos métodos, garantizar la aplicación a todos los trabajadores del principio de igualdad de remuneración entre la mano de obra masculina y la mano de obra femenina por un trabajo de igual valor.

2. Este principio se deberá aplicar sea por medio de:

a) la legislación nacional;

b) cualquier sistema para la fijación de la remuneración, establecido o reconocido por la legislación;

c) contratos colectivos celebrados entre empleadores y trabajadores; o

d) la acción conjunta de estos diversos medios.

Artículo 3

1. Se deberán adoptar medidas para promover la evaluación objetiva del empleo, tomando como base los trabajos que éste entrañe, cuando la índole de dichas medidas facilite la aplicación del presente Convenio.

2. Los métodos que se adopten para esta evaluación podrán ser decididos por las autoridades competentes en lo que concierne a la fijación de las tasas de remuneración, o cuando dichas tasas se fijen por contratos colectivos, por las partes contratantes.

3. Las diferencias entre las tasas de remuneración que correspondan, independientemente del sexo, a diferencias que resulten de dicha evaluación objetiva de los trabajos que han de efectuarse, no deberán considerarse contrarias al principio de igualdad de remuneración entre la mano de obra masculina y la mano de obra femenina por un trabajo de igual valor.

Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais adoptado pola resolución 2200A da Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1966 (artigos 6 e 7)

Artículo 6

1. Los Estados Partes en el presente Pacto reconocen el derecho a trabajar, que comprende el derecho de toda persona a tener la oportunidad de ganarse la vida mediante un trabajo libremente escogido o aceptado, y tomarán medidas adecuadas para garantizar este derecho.

2. Entre las medidas que habrá de adoptar cada uno de los Estados Partes en el presente Pacto para lograr la plena efectividad de este derecho deberá figurar la orientación y formación tecnicoprofesional, la preparación de programas, normas y técnicas encaminadas a conseguir un desarrollo económico, social y cultural constante y la ocupación plena y productiva, en condiciones que garanticen las libertades políticas y económicas fundamentales de la persona humana.

Artículo 7

Los Estados Partes en el presente Pacto reconocen el derecho de toda persona al goce de condiciones de trabajo equitativas y satisfactorias que le aseguren en especial:

a) Una remuneración que proporcione como mínimo a todos los trabajadores:

i) Un salario equitativo e igual por trabajo de igual valor, sin distinciones de ninguna especie; en particular, debe asegurarse a las mujeres condiciones de trabajo no inferiores a las de los hombres, con salario igual por trabajo igual;

ii) Condiciones de existencia dignas para ellos y para sus familias conforme a las disposiciones del presente Pacto;

b) La seguridad y la higiene en el trabajo;

c) Igual oportunidad para todos de ser promovidos, dentro de su trabajo, a la categoría superior que les corresponda, sin más consideraciones que los factores de tiempo de servicio y capacidad;

d) El descanso, el disfrute del tiempo libre, la limitación razonable de las horas de trabajo y las variaciones periódicas pagadas, así como la remuneración de los días festivos.

Así mesmo hai que ter en conta os principios xerais do dereito laboral, que teñen funcións suplementaria e interpretadora da lexislación, dos se inclúen os seguintes que poden afectar á proposta de acordo que estudamos:

Principio protector:

O principio protector é o principio máis importante do Dereito laboral. É o que o diferencia do Dereito civil. Parte duna desigualdade, polo que o Dereito laboral trata de protexer a una das partes do contrato de traballo para equiparala coa outra, a diferenza do principio de igualdade xurídica do Dereito privado.

O principio protector contén tres regras:

- **Regra máis favorable:** cando existe concorrencia de normas, debe aplicarse aquela que é máis favorable para o traballador.
- **Regra de la condición máis beneficiosa:** una nova norma no pode desmellorar las condiciones que xa ten un traballador.
- **Regra in dubio pro operario:** entre interpretacions que pode ter una norma, se debe seleccionar a que máis favoreza ao traballador.

Principio de irrenunciabilidade de dereitos

O traballador está imposibilitado de privarse, voluntariamente, de los dereitos garantías que le outorga la lexislación laboral, aínda que sexa por beneficio propio. O que sexa renunciado está viciado de nulidade absoluta. La autonomía de la vontade no ten ámbito de acción para los dereitos irrenunciables. Isto evidencia que o principio de la autonomía de la vontade do Dereito privado se ve severamente limitado en el Dereito laboral.

Así, un traballador no pode renunciar ao seu salario, o aceptar un que sexa menor ao mínimo establecido polo ordenamento.

Principio de primacía de la realidade

Non importa a autonomía de la vontade, senón a demostración da realidade que reina sobre a relación entre traballador y empregador. Así, ambos poden contratar una cousa, pero se a realidade é outra, é esta última a que ten efecto xurídico.

Principio de razoabilidade

Tanto o traballador como o empregador deben exercer os seus dereitos e obrigas de acordo a razoamentos lóxicos de sentido común, sen incorrer en condutas abusivas do dereito de cada un.

Principio de boa fe

O principio da boa fe é unha presunción: se presume que as relaciones e condutas entre traballadores e empregadores se efectúan de boa fe.

Finalmente, son de ter en consideración as definicións de algunhas palabras dadas tanto pola RAE como pola RAG, especialmente por aquela por estar a lexislación redactada en castelán.

RAE:

“Retribución: Recompensa o pago de algo”.

“Salario. (Del lat. salarium, de sal, sal).

1. m. Paga o remuneración regular.

2. m. En especial, cantidad de dinero con que se retribuye a los trabajadores por cuenta ajena”.

“sueldo. (Del lat. solidus).

1. m. Remuneración regular asignada por el desempeño de un cargo o servicio profesional.”

“jornal. (Del prov. jornal, der. del lat. diurnus).

1. m. Estipendio que gana el trabajador por cada día de trabajo.

2. m. Este mismo trabajo.

a ~.

1. loc. adv. Mediante determinado salario cotidiano, a diferencia del trabajo que se ajusta a destajo.”

“mensualidad.

1. f. Sueldo o salario de un mes.”

RAG:

Retribuír: “v.t. Compensar con cartos ou outra cousa [un servizo prestado]. OBS. O complemento directo pode se-lo traballo, o tempo de traballo ou a persoa que o realiza. Pedían que lles retribuísen as horas extra. SIN. remunerar”.

“soldos.m. Diñeiro que unha persoa cobra con regularidade, polo traballo que realiza. Subíronlle-lo soldo ós obreiros da empresa. SIN. paga, salario.CF. mensualidade, xornal.”

“xornal s.m. 1. Paga dun día de traballo. ¿Canto cobras de xornal?

s A ou ó xornal.Traballando por un soldo fixado por día. Anda ó xornal.”

“mensualidades.f. Suma de diñeiro que se paga ou se percibe cada mes.”

Vemos pois, que na lexislación de aplicación directa se prevé a posibilidade de que os membros da corporación podan ser retribuídos, con ou sen dedicación exclusiva, e que corresponde ao pleno fixar as dedicacións e as retribucións correspondentes. Pero, aínda recoñecendo o marxe de discrecionalidade na fixación das retribucións, non está prevista, de xeito directo, a posibilidade da súa redución.

O primeiro problema está, polo tanto, en determinar o tipo de relación entre o concello e os seus membros con dedicación, concretamente se é unha relación asimilable á laboral, ou a outra. E, en función disto, aplicar no que sexa posible a lexislación correspondente.

As funcións dos edís adoitan a ser asimiladas aos membros dos consellos de administración das empresas polo feito de adoptar ás decisións no nome da masa social que neste símil serían os veciños. Pero se isto se pode predicar dos membros do pleno dentro de este órgano, non se pode facer dos membros do goberno municipal que teñen competencias ou funcións executivas e de xestión que esixen unha dedicación diferente da simple asistencia aos órganos colexiados. De feito, como queda indicado, a Lei establece que son retribuídos e non perciben asistencias, o que fai que a súa relación se asimile á laboral e que polo tanto se retribúa o traballo prestado nas súas funcións.

Apoia esta tese o feito de que a Lei estableza a súa alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, e que o concello teña que facerse cargo da cota empresarial.

Non quere dicir o anterior que exista unha plena relación laboral, xa que carece de elementos como a mínima estabilidade no posto ou a adquisición de dereitos polo transcurso do tempo. Poden ser, de feito, despedidos en calquera momento por decisión do órgano que corresponda. Pero en temas como retribucións, xornada de traballo e similares, si que a súa situación se asimila á laboral. E o mesmo en baixas laborais ou períodos de descanso.

Pero se analizamos a lexislación laboral, tampouco encontramos preceptos positivos que regulen esta situación de rebaixa de retribucións. Nin no Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, nin no Estatuto Básico dos Empregados Públicos, aparece unha referencia á rebaixa das retribucións. E iso é, a xuízo de que informa, porque o lexislador non lexisla sobre o obvio, o que considera imposible que ocorra. Que se rebaixen unilateralmente as retribucións dun traballador.

Das definicións vistas dos dicionarios citados queda claro o carácter sólido do soldo, regular, constante, fixo, preestablecido, previsto e previsible.

E, ten que ser así pola natureza contractual da relación de traballo. O contrato de traballo e, como todos pese a súa especificidade, un contrato de contraprestación. Traballo a cambio de salario. E os contratos teñen que ter un prezo certo, ou cando menos determinable en función da vontade de ambas partes ou dun factor externo, un índice como o IPC, por exemplo que non poda ser manipulado unilateralmente por unha das partes.

Cando un traballador accede a un posto de traballo, sabe con claridade as retribucións que percibirá durante a súa permanencia nese posto, e en que circunstancias pode variar, en aplicación de pactos como os convenios colectivos. Sabe tamén que só poden variar na súa contra plusas como os de produtividade, puntualidade, complementos por obxectivos, etc.

Das resolucións e declaracións da OIT destacamos os principios de “salario igual por un traballo de igual valor”, o traballo non é unha mercadoría”, “seguridade económica e igualdade de oportunidades”, “o logro das condicións que permitan chegar a este resultado debe constituír o propósito central da política” calquera política e medida de índole nacional e internacional, particularmente de carácter económico e financeiro, deben xulgarse desde este punto de vista e aceptarse soamente cando favorezan, e no entorpezan, o cumprimento deste obxectivo fundamental.

Da análise de ditos principios xunto coa resolución 2200A da Asemblea Xeral das Nacións Unidas se desprende claramente que os poderes públicos teñen que garantir a seguridade económica na relación laboral, a igualdade de retribución por un traballo igual, a igualdade de oportunidades, a non discriminación, o salario xusto, e as condicións de traballo seguras.

A isto hai que engadir o citado Convenio 100 da OIT que fala da non discriminación salarial por sexo, así como da necesidade de unha avaliación obxectiva dos traballos a realizar para determinar as taxas de remuneración.

Á luz destes preceptos queda claro que a valoración dun posto de traballo ten que ser obxectiva, en función das tarefas a realizar e non subxectiva, en función das circunstancias externas da persoa que ocupa o posto de traballo.

Resulta novamente obvio que se non se fai referencia á discriminación no mesmo sexo e si entre sexos no que atinxe aos salarios, é porque se da por suposto que no mesmo sexo non hai discriminación, e se a houbese, a obrigatoria equiparación entre sexos distintos impide xa a discriminación dentro do mesmo sexo polo simple principio matemático e lóxico de que dúas cousas iguais a unha terceira son iguais entre elas mesmas.

Do principio de igualdade de oportunidades resulta claro que non é posible que as retribucións dos postos estean ao muxe da vontade da outra parte xa que ocasionaría unha seguridade xurídica que impediría a presentación electoral de quen temese que acadado ao cargo non tería clara a súa situación económica ou podería chegar o caso de ter que renunciar ao cargo por non poder resolver a súa situación vital contravindo a vontade popular que se vería privada da opción elixida polo que a todas luces resultaría ser unha moción de censura encuberta e polo tanto en fraude de Lei e con desviación de poder.

Produciríase ademais a quebra do principio constitucional de representatividade establecido no artigo 13.1 da Constitución ao romperse o dereito a acceder en condicións de igualdade aos cargos públicos (artigo 13.2) e producirse discriminación por razón de... calquera outra condición ou circunstancia persoal... (artigo 14), podendo polo tanto, a xuízo de quen informa, ser o acordo non só ilegal senón mesmo inconstitucional.

Pero aínda se tiran novas conclusións. Dos principios de seguridade económica na relación laboral e de que as condicións de traballo sexan seguras, resulta a clara explicación de porque a lexislación positiva non prevé a posibilidade de reducións salariais. Simplemente porque esa opción contradiría ditos principios, que, de acordo co disposto no artigo 96 da Constitución Española forman parte do ordenamento interno, e a cuxa luz se deben interpretar as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades segundo o artigo 10.2 do texto constitucional.

Dos principios xerais do dereito laboral antes citados, se desprenden as seguintes conclusións:

1.- O contrato de traballo é un contrato bilateral no que unha parte entrega o seu traballo e a outra como contraprestación abona ao traballador un soldo.

2.- Como en todo contrato débese manter o principio de equilibrio financeiro, de xeito que, salvo contratación a axuste, se o traballo é o mesmo a retribución ten que ser igual, fágase esta comparación entre distintos traballadores ou entre meses distintos do mesmo traballador.

3.- Neste senso compre destacar que a constante referencia na lexislación e nos tratados internacionais ao principio de mesmo traballo mesma retribución, se fai en relación coa igualdade entre ambos sexos, pero isto non é máis que un novo caso no que o lexislador non lexisla sobre o obvio, e considera obvio que na realidade dentro do mesmo xénero se cumpre ese principio.

4.- O principio de irrenunciabilidade dos dereitos segundo o que traballador está imposibilitado de privarse, voluntariamente, de los dereitos garantías que le outorga a lexislación laboral, e polo tanto non pode renunciar ao seu salario, leva implícito, por obvio, que se non pode renunciar, menos se lle pode quitar.

5.- Á mesma conclusión nos levan as regras que establece o principio protector, especialmente a da condición máis beneficiosa que establece que ningunha norma, e polo tanto menos unha parte, pode desmellorar as condicións que xa ten un traballador. Nese senso é difícil encontrar un caso semellante ao proposto no que se produza unha diminución das retribucións.

De feito só en casos de EREs se produce a situación na que os traballadores renuncian a unha parte da súa xornada, e proporcionalmente da súa retribución, a cambio de que o traballo se reparta entre todo o cadro de persoal e non se fagan despedimentos. Pero hai que subliñar que non se reduce o soldo máis que proporcionalmente á redución de xornada.

No seo da Administración Pública só hai un precedente de rebaixa de retribucións no Real Decreto Lei 8/2010 de 20 Maio de medidas extraordinarias para a redución do déficit público no que se produciu unha rebaixa do 5% da masa salarial dos empregados públicos. Pero hai que ter en conta que se fixo por norma con rango de Lei, e en aplicación da competencia constitucional do goberno de dirixir á política económica do Estado e no marco dunha profunda crise económica e das decisións da UE. Esta previsión constitucional avalou no seu momento a supresión, por interese nacional, de cláusulas retributivas recollidas en acordos marco entre o Goberno e os sindicatos.

Sentado xa que a xuízo do Secretario que subscribe o acordo pode ser declarado ilegal e mesmo inconstitucional, no suposto de que o superior criterio da Corporación estimase que non o fose, resta analizar se a resolución que se propón está debidamente fundamentada como corresponde a todo acordo limitativo de dereitos adquiridos.

Motivo	Análise
Con esta compatibilidade entendemos que non vai poder adicarse tanto tempo á alcaldía, consecuentemente o seu salario debe ser menor	Non resiste ao análise da lóxica. Se a causa é non poder dedicar tanto tempo, a consecuencia debería ser reducir o número de horas a dedicar, non reducir o prezo por hora.
Esta situación deuse en anteriores lexislaturas, onde había outros alcaldes que compaxinaron a súa profesión con adicación a alcaldía, a remuneración económica foi proporcional ao se tempo de adicación a este concello.	No tempo da actual democracia só un alcalde estivo en circunstancias de dedicación parcial, establecéndoselle unha retribución menor á que viña percibindo o alcalde anterior nun 50% o que podería supor unha dedicación de 18 $\frac{3}{4}$ horas semanais. Neste caso, sen actualizar, o salario de dito alcalde suporía 224,00€ por hora diaria que, sen actualizar nos cinco anos, supón un 138,27% (62,00€) sobre a proposta. Respecto aos demais alcaldes ou concelleiros que foron retribuídos cumpriría estudar para cada un deles se algún se dedicaba á agricultura ou calquera outra profesión.
Despois dos axustes que se están facendo en tódalas administracións nacionais e autonómicas, consideremos que a cantidade establecida para o traballo desempeñado polos outros membros do goberno, concelleiros, é una cuantía esaxerada debido a que todos teñen as súas profesións e se adican a elas na actualidade	Pretender que as retribucións se fixen en función doutras profesións ás que se dediquen os edís fora da dedicación ao concello incumpre o principio de non discriminación por calquera outra circunstancia persoal, e supón unha determinación subxectiva e non obxectiva das condicións laborais. A retribución non é unha compensación por lucro cesante, senón un pago por servizos prestados ou traballo realizado.
esta xornada de traballo, na actualidade, so	Repítese o razoamento anterior.

<p>se reparte a un membro, o concelleiro D. Manuel González Moreira. Dito compañeiro exerce outras actividades profesionais, e está cobrando deste Concello unha retribución mensual de 1.375 €, cantidade que nos parece totalmente esaxerada, sobre todo para unha persoa que ten outros traballos e outras actividades</p>	
<p>se pretendía solicitar un crédito ICO para pagar tres facturas pendentes dos meses de Xaneiro e Febreiro. Dúas destas con cantidades insignificantes, xa que non superaban o importe de 1.300 €. Cremos que estamos nunha época de austeridade, onde se pode ver que a situación financeira do Concello é mala, por iso consideramos que se deben tomar medidas urxentes en canto a gastos</p>	<p>Quen faia proposta descoñece que un crédito non é para presupostar un gasto que non se poda atender senón, para salvar falta de liquidez, polo que non autoriza un novo gasto.</p> <p>Como queda dito anteriormente, a situación económica non é xustificación para a redución de retribucións do persoal ao servizo da Administración, redución que só se pode facer por norma con rango de lei, potestade que non ten o concello.</p>
<p>o Concelleiro que cobra este salario ten outras actividades profesionais, e entendemos que a xornada de cinco horas e media diarias de adicación o Concello non é compatible cos seus outros traballos, sobre todo cando un destes é a hostalería</p>	<p>No tocante ás outras actividades do concelleiro remítome ao xa sinalado.</p> <p>Respecto á compatibilidade (entendese horaria) con actividades como a hostalería, dependerá de en que horario se dedique a días actividades.</p>
<p>Parécenos de xustiza, adaptar e rebaixar o salario dos membros de goberno, debido a situación de crise actual, a débeda excesiva que hai neste Concello, e que todos membros do goberno teñen outros traballos e as súas respectivas profesións</p>	<p>Dáse por rebatido nas argumentacións anteriores.</p>

En todo caso, se, como entende o Secretario informante, o acordo de sete de xullo de dous mil once fose declarativo de dereitos, dito acordo non pode sen anulado en prexuízo deses dereitos pola simple sucesión don acordo diferente, sendo preciso para a súa anulación a previa declaración polo pleno do concello da lesividade do acordo para o interese público e a súa impugnación en vía contencioso administrativa, tal como dispón o artigo 110.2 da xa citada Lei 7/1985.

En consecuencia do exposto, o secretario que subscribe considera que o acordo proposto podería ser ilegal, mesmo, no seu caso, inconstitucional, e, en todo caso, non motivada.

Non obstante, o superior criterio da Corporación decidirá o que estime oportuno.

+ O portavoz independente di:

En calquera forma ese informe vai versando continuamente sobre os dereitos recollidos na OIT sobre os dereitos todos dos traballadores. Non en ningún momento poñemos en dúbida os dereitos que ten un traballador a recibir un salario, nada. Aquí o que se esta discutindo é ese salario, é dicir, que, en definitiva, o que sacamos de conclusión, que é o que tamén todas as lelles da lei do réxime local e todo o que din é que quen establece realmente o salario e as funcións, e as libranzas o sexa os concelleiros que teñen, que forman parte do goberno e que teñen retribucións, en definitiva é o pleno o que está facultado para iso... e como tamén o recolle, é dicir, a última frase que se recolle nese informe pon "Non obstante, o superior criterio da Corporación decidirá o que estime oportuno", é dicir que eu creo que esa é a quid da cuestión, é dicir, nos non estamos para nada quitándolle dereitos dos traballadores nin nada, é dicir, en este respecto, toda a xurisprudencia, todo o que se sinala en este criterio, está claro. É dicir, toda persoa que exerce un cargo, un cargo público, ten que ter unha remuneración, é dicir, o que en ningún punto establece... é dicir, nos iso non o dubidamos, é dicir, de feito... nos non estamos quitando... non

Ile estamos dicindo que nos tal... estámoslle dicindo, digamos, cal é esa retribución, e estámola dicindo para 2012, é dicir, a partir de con fecha 1 de enero.

Cal é o problema que se presenta en este tema? O problema que se presenta é que este concello tamén por lei, a fecha 31 de diciembre, tiña que ter presentado aquí os presupuestos para o ano 2012, iso tamén o di a lei, e entonces si tiveramos presentados os presupuestos de 2012 pois ao mellor xa non estaríamos discutindo este tema, porque ao mellor presentados estes... presentados estes presupuestos onde se lle di a asignación que se lle van a ter dentro distes presupuestos, a asignación para os grupos de goberno, pois ao mellor aí sería un quid da cuestión de que estaría resolto este tema.

O Tenente de Alcalde Delegado de Facenda di:

Non os ten hoxe aprobados nin o Estado.

+ O portavoz independente, di:

Bueno, pero eu, evidentemente, non teño que falar o que ten o Estado. O Estado o que ten, o Estado o que ten é unha prórroga de presupuestos, pero eu, e nos, desde aquí, o que estamos defendendo son os presupuestos xerais do Concello de Puebla de Brollón pa o ano 2012, é dicir, eu non vou a estar preocupado porque o goberno central non presenta os presupuestos, non? agora si me teño que preocupar por qué o grupo, o grupo de goberno de Puebla de Brollón non presenta os presupuestos.

+ Intervén o Alcalde:

Non entre aínda dentro do debate. (dirixese agora ao portavoz popular) Vostede ten interese en coñecer os documentos ou lle sirve coa explicación que lle deu o portavoz independente?

+ O portavoz popular responde:

Para a miña intervención váleme. Eu o documento, xa o leriei con tempo, pero vamos, en principio eu vou facer a miña explicación desta...

+ Intervén o portavoz popular suplente:

Eu si quero unha copia cando poda o Secretario facerme. Xa sei que (inaudible), pero fora do horario de traballo non me gusta.

+ O portavoz nacionalista renuncia á súa quenda de intervención.

+ Intervén o portavoz independente:

Ben. Basicamente, aquí xa, desde o grupo, desde o grupo de electores da Puebla de Brollón, de veciños da Puebla de... xa daquela cando se celebrou o primeiro pleno para, para as retribucións do señor alcalde, e para as dedicacións, nos xa nos opuxemos en aquel momento para esas contías porque considerabamos xa que a situación de este concello non podía soportar esa, esa situación, esa situación económica, non?.

Co paso do tempo, pois creemos que esta situación aparte de verse inicialmente cambiada pola situación persoal do señor alcalde ante a solicitude de poder exercer a súa profesión, que no pleno nos pareceu ben, e, como sabe vostede, tódolos grupos apoiamos esa petición, entre outras cousas, porque tampouco entendíamos que eramos nos os que tiñamos cal é a labor profesional do alcalde deste concello. E entonces, en resumidas contas, nos, facendo un cálculo, baixando, digamos, esas contías de 162 anterior a 270, ou de 162 actual a 270, estamos falando de unha cantidade de 17.010 que sería como quedaría o soldo anual do señor alcalde, por as 14 pagas como temos dito, aos 28.350 actuais, un aforro de 11.340€. si iso llo aplicamos tamén ao edil, ao concelleiro que ten, digamos, todas as horas, porque se podía distribuír en dous, pero parece que soamente é por un, falamos de unha contía de 9.625€ para o 2012, en contraprestación aos 19.250. Isto, aínda que está calculado sobre as 14 pagas, en realidade, como a lexislatura empezou en julio, pois non, a merma sería menor contía.

Pero que podemos estar falando dun aforro de case de 13.000, case non, en torno a uns 13.284, se seguíramos o concepto de 2000, un aforro total, perdón un aforro total de 20.965. Pois, bueno. Pois,

entonces iso por exemplo, pois, nos daría por exemplo para pagar, que tamén é outro tema que se falará no pleno seguinte, pois, uns 13.284 que se podían dedicar, por exemplo, a servizos sociais, e outros 7.600 por exemplo, para o tema das taxas de basura, que son dúas cousas, por exemplo, que este concello podería arreglar.

Está claro que a situación, a situación económica deste concello, non permite ter esas contías que actualmente, que actualmente temos, que actualmente temos en eses salarios, e entendemos que, con vistas ao presuposto, a ese presuposto, pero como parece ser que non sabemos en onde nos movemos, pois por iso... ben, pois por iso nos entendemos que ten que haber esa, esa rebaixa.

Con respecto a unha das cousas que nos chama (ri) a atención sobre... porque son uns motivos e uns análises deses motivos que tal, non? E fáme digamos, un certo, unha certa, digamos, non sei... reflexión, que se nos contesta que a situación económica non é xustificación para a redución de retribución do persoal a servizo da administración. (ri) Vamos a ver, con esta finalidade, aos funcionarios públicos, entre os que eu me encontro, e probablemente aquí hai outros compañeiros que tamén son funcionarios, a nos se nos dixo que, precisamente, a situación económica que xustifica que se nos reduciara en torno a unha media dun 5%, hai compañeiros con menos e hai compañeiros con máis, non?

É dicir, que a redu... nos chama a atención de que unha das bases para non reducir isto é... que non é xustificar. Pois mire, todo isto foi ao Tribunal Supremo, e o Tribunal Supremo, desgraciadamente para os funcionarios, díxolle que tiña. É máis, que tiña a razón, a administración. É máis, en este concello, aos funcionarios deste concello se lle fixo unha redución do seu salario, en base, supoño que non sería para aforrar cartos para as carreteras nin nada, senón en base, a que había tamén unha situación económica que o xustificaba.

+ Intervén o portavoz popular:

Bueno. Eu dese documento, pois non... obviamente non teño coñecemento, i entón, pues, vou argumentar por cal foi a nosa decisión para reducir os soldos, non? Nos nun primeiro momento, pois, aprobamos os soldos do equipo de goberno, porque o alcalde só se dedicaba ao concello, non tiña outro traballo, o delegado de cultura e o de obras tampouco, entonces nos nos reunimos o grupo municipal e aprobamos 3.400€ que, na nosa idea, eran 2.000 para o alcalde e 1.400 a repartir 700 e 700.

Bueno, pues ien, iso nos criamos que o lóxico é que un alcalde teña un soldo digno e os que traballan unhas horas pois que teñan unha compensación económica por dedicarlle o tempo e tal. Agora, pois claro, as cousas cambiaron totalmente, non? Incluso o alcalde pediu para traballar no seu, no seu traballo, entón o concellal de cultura pois está cobrando, todo o mundo o sabe, por unha asesoría na Diputación x cartos y entonces pois xa se estaba transgredindo digamos, o acordo que nos chegamos, non? Xa estaba cobrando toda a cantidade o concejal de obras, o alcalde cobrando igual e máis traballando de tarde e de noite no seu traballo, entonces supoño que, ou ven con moito sono, ou non poderá cumprir exactamente o traballo do concello. (prodúcese unha interrupción inaudible do alcalde). Home eu... eu cando traballo de noite, logo pola mañá teño que durmir para volver traballar. Non sei, se hai alguén superdotado aquí que poda traballar 24 horas e non durmir, pois vale, será así. Bueno, pois esa foi a nosa... porque entendemos nos que había que reducir os soldos, non? porque amais, si estás cobrando noutras cousas, pois, o lóxico, é reducilos, e estamos en crisis.

Bueno, eu vou facer aquí unha pequena mención do que cobrábamos nos tres últimos anos que estivemos nos aquí gobernando, tanto Fernando i eu, e estaba José Antonio tamén. Só cobraba eu i cobraba cando estaba de concellal de cultura 294€. De alcalde, de xullo de 2004 a decembro de 2004, asistencias e dietas, en total 663 de media dese ano. De alcalde desde xaneiro de 2005 ata marzo de 2007, houbo que poñer soldos, o secretario o sabe, veu aquí un inspector de Facenda e dixo que tiña, que non podía estar cobrando dietas e tal, e cal, entonces houbo que poñer soldos, pois cobraba 840€ brutos de soldo, i, o último tramo de alcalde desde o 1 de xaneiro de 2006 ata 31 de marzo de 2007, os soldos, máis as dietas, máis as extraordinarias sumaron 15.583,37€ en 17 meses, que son 916€, cas dietas. E as dietas, todo o mundo o sabe, é pois a Santiago co teu coche, ir a Lugo, etc. etc..

Iso é o que cobraba eu. Cinco anos despois, e aínda que lle sumes o IPC, o soldo que agora estamos aprobando que nos vamos a votar a favor e a acordar, que se vai a mil e pico euros, dos 900, eu creo que está máis ou menos cotexado. Entonces, nos vamos, obviamente nos adherimos a esta moción, porque creemos, en consecuencia, dado o tempo de crises é o máis lóxico.

Por outro lado entendemos que a un concello de 2.000 habitantes, non se ven a cobrar, ni nada. Eu creo que se ven aquí a facer algo polo pobo, non perder cartos, pero, polo menos que compense simplemente, e nada máis. Eu entendo iso, outras... non sei como se entenderá doutra maneira. Polo tanto nos vamos a votar a favor desta moción, e nada máis. Non me cabe máis que esa exposición.

+ Intervén a portavoz socialista:

Bueno, pois, nos temos qué dicir que (inaudible). No primeiro pleno, cando se aprobaron as retribucións económicas, tampouco estábamos de acordo con aquelas retribucións económicas, e había, digamos que mantiñase un desfase, con respecto á lexislatura interior, porque había un incremento considerable, entón, aprobáronse, por suposto, e respectámolos. Unha vez que están aprobadas e se cambia esta situación na que se nos di que o señor alcalde vai a traballar na veterinaria, pois parécenos ben, por suposto, pero si nos parece de recibo que compaxine as dúas profesións, e polo tanto tamén as retribucións económicas que supoñen as dúas profesións, máximo, no momento actual no que estamos, non?

Non estábamos, non compartíamos tampouco a retribución económica do señor concelleiro porque nos parecía alta para este concello pequeno, e cando a nosa sorpresa foi que, porque nese, nese pleno aprobábase que esa partida iría destinada aos dous concelleiros, e, na realidade despois, pois esa partida foi destinada a un concelleiro solo, porque como acaba de dicir o portavoz do grupo popular, efectivamente, o outro concelleiro ten unha asesoría na Diputación pola que percibe unha retribución económica.

Entón, nos estamos a favor de esta moción porque de algunha maneira seguimos coa postura coherente desde un principio. I, en relación ao informe que temos aquí, pois a verdade é que nos chama a atención sobre todo, xa como se encabeza, porque “Informar sobre esta proposta é unha labor complexa xa que non existe unha previsión legal sobre esta posibilidade nin quen subscribe ten coñecemento de xurisprudencia sobre esta materia”. Home, pois si non ten coñecementos sobre esta materia, entendemos que o que hai aquí son pois interpretacións, máis ben persoais, da nosa moción, dos apartados da moción que nos presentamos, entonces pois, digamos que é un debate de opinións distintas, non? Entonces, vamos a apoiar a moción que temos aquí.

+ Intervén o alcalde que di:

Ben. Antes de proseguir, quere facer o Secretario unha aclaración?

+ Intervén o secretario:

Si, bueno, agora dúas. A veces, falando se corta unha palabra, cambia o sentido. Eu non poño en ningún sitio que non teña coñecemento desta materia, senón de que existan antecedentes sobre esta materia. E nisto me reafirmo. Non é o mesmo non ter coñecementos sobre a materia, senón sobre que existan ou non precedentes sobre a materia. E é que realmente non os hai.

Quizás sexa un problema dialectal, ou un problema de que redactei mal, seguramente será isto último, pero quero aclarar na intervención de José Antonio cando di que o, sobre o texto que figura na pantalla (refírese á frase do portavoz independente “que se nos contesta que a situación económica non é xustificación para a redución de retribución do persoal a servizo da administración”). O que pon textualmente é “Como queda dito anteriormente, a situación económica non é xustificación para a redución de retribucións do persoal ao servizo da Administración, redución que só pode facerse (non digo que non se poda facer) que só pode facerse por norma de rango de lei, potestade que non ten o concello.” E iso vai en relación co parágrafo que vemos aí (refírese á pantalla) penúltimo, que di: “No seo da Administración Pública só hai un precedente de rebaixa de retribucións no Real Decreto Lei 8/2010 de 20 Maio de medidas extraordinarias para a redución do déficit público no que se produciu unha rebaixa do 5% da masa salarial dos empregados públicos. Pero hai que ter en conta que se fixo por norma con ran-

go de Lei, e en aplicación da competencia constitucional do goberno de dirixir á política económica do Estado e no marco dunha profunda crise económica e das decisións da UE. Esta previsión constitucional avalou no seu momento a supresión, por interese nacional, de cláusulas retributivas recollidas en acordos marco entre o Goberno e os sindicatos.”

E efectivamente hai unha sentenza sobre iso, nun recurso que, non sei se recordan vostedes, presentou no seu día, contra a conxelación salarial feita polo Goberno Aznar, despois do acordo marco firmado entre os sindicatos e o Goberno de Felipe González, que previa unhas cláusulas de recuperación de poder adquisitivo durante tres anos, e que o Goberno Aznar as suspendeu, e, efectivamente, desgraciadamente os tribunais lle deron a razón ao goberno.

Pero, estamos falando de causas de interese nacional que corresponden, naturalmente, ao Goberno da Nación. De feito, de feito, cando o Goberno da Nación establece unha redución do 5% para todos os funcionarios de todo... perdón, para todos os empregados públicos de todo o sector público, non entra na situación concreta na que estea cada concello, non di, o que teña déficit que o faga, o que non o teña, que non o faga, é unha solución xeral de política xeral.

E é o único precedente. No mundo laboral, só se producen casos, causas de redución de retribucións cando, de forma voluntaria e negociada entre sindicatos e empresa, no marco dun ERE, para evitar perda de postos de traballo, os empregados acceden voluntariamente a unha redución salarial para que non se perdan os postos. E non hai ningunha máis.

Porque o contrato de traballo, como tal contrato, debe ter unha seguridade xurídica, é un contrato de contraprestación, e cando unha parte, as dúas partes se poñen de acordo en este traballo, esta dedicación, esta actividade ten este soldo, iso é intocable. Porque o protexe ademais, como citou o concelleiro, a OIT, as NNUU e todos os tratados internacionais.

Algúns portavoces solicitan o uso da palabra para aclaracións ao que o Alcalde responde que xa as farán na quenda correspondente. O portavoz independente pidea por alusións e o Alcalde lle responde que foi citado, non aludido.

+ Intervén o concelleiro Ricardo Rodicio en nome do goberno municipal:

Os membros das corporacións municipais durante a ditadura franquista non estaba previsto que cobrasen, xa que eran postos honorarios e a xestión era realizada polo secretario do concello.

A chegada da democracia levounos a que os concelleiros se fixesen cargo da dirección e xestión da política municipal, e foise progresivamente liberalizando a súa actividade para permitir que calquera cidadán, con ou sen medios, puidese acceder aos cargos recibindo retribucións por dedicación ben sexa exclusiva ou parcial.

Por certo, moitos dos concelleiros que gozaron de retribucións en anteriores lexislaturas non foron capaces no tempo que estiveron de aprender aínda a diferenza entre un préstamo e un crédito, pese as veces que o señor secretario nolo ten aclarado, nin para redactar correctamente esta moción, lembremos que xa é a segunda que presentan, e aínda así presenta defectos de forma. Pode ser que algún necesite máis de dúas tardes de clases de economía para entendelo.

Na pasada comisión informativa expúxose que se reducían nun 50% as retribucións por horas porque cando se aprobaron pensaban que eran para dous concelleiros. Fixado así o tempo/hora, resulta que se o repartimos entre dous, a redución que vostedes propoñen chega a un 75%. É unha mágoa, pois no exercicio da política municipal tamén as matemáticas son necesarias.

O goberno que represento oponse a esta moción, por considerala ilegal segundo se desprende do informe do secretario. Si vostedes a consideran legal, pois adiante con ela e as súas responsabilidades.

Voules facer unhas preguntas que espero respondan na súa seguinte intervención de forma clara.

Parécelles aos concelleiros do partido socialista que é legal ou ético que se valore a hora de dedicación dun concelleiro no ano 2012 na metade que no ano 2007?

Parécelles aos concelleiros do partido socialista que é legal ou ético que se decida que no ano 2012 haxa menos de 12 horas e media de dedicación cando impuxeron no 2007 que houbera 16 e media e mesmo que cobrase un concelleiro que non era da xunta de goberno?

Parécelles legal ou ético aos concelleiros que son ou foron do partido popular as retribucións que pretenden impoñer cando no seu mandato había una dedicación total e outra parcial de horas indeterminadas pero retribución fixa?

Hai que ter en conta que nos gobernos do PP, ademais dos membros con dedicación, había persoal eventual de confianza, que como tal, porque outra cousa sería ilegal, prestaban apoio aos grupos de goberno na súa xestión. Durante o goberno bipartito, non se creou dita praza e esas funcións foron asumidas, con maior ou menor acerto, polos membros do goberno. Esa política séguese na actualidade, motivo polo que necesariamente teñen que ser máis as horas de dedicación.

Parécelles legal ou ético aos tres grupos da dereita deste concello que xustifiquen a diminución da retribución por hora do alcalde e do tenente de alcalde polo feito de ter outros ingresos, cando eles percibían o dobre e tiñan tamén outras actividades?

Aos concelleiros do partido socialista, parécelles legal ou ético que se eles dedicaban dúas horas diarias ao concello por unha certa cantidade, se o alcalde decide agora darlle unha delegación con dúas horas de dedicación a un concelleiro, este cobre a metade?

Se polas circunstancias políticas houbera un pacto entre o actual goberno e un dos outros grupos, ou no caso de presentar unha moción de censura e chegasen a gobernar vostedes, aceptarían as retribucións que sinalan para o tenente de alcalde e no seu caso para o alcalde?

Creen os propoñentes desta moción que o feito de que o alcalde non teña maioría xustifica a redución das súas retribucións?

No seu día o portavoz popular, hoxe portavoz independente dixo en relación co contencioso do lixo que se o concello perdía, o secretario, por ser segundo el, o causante do proceso, debería facerse cargo persoalmente dos custes xudiciais e indemnizacións. Está disposto ese concelleiro e os demais que aproben este acordo a asumir os custes do contencioso que resulta inevitable coa aprobación deste acordo?

No ano 2007 o alcalde David López Goyanes cobraba 840,00€ mensuais. Ao prezo que fixan para 2012 supón 5 horas e 12' diarios, é dicir 26 horas semanais. Implica isto que só dedicaba a súa empresa 14 horas semanais en xornada de mañá? Haberá que solicitar datos do seu cuadrante á empresa para comprobar a veracidade do motivo.

É certo que hai unha grave crise. Pero esta crise non é responsabilidade nin do alcalde nin das súas retribucións. A crise xeral é consecuencia de factores externos e non se arranxa coa redución do soldo dos edís deste concello. A crise concreta deste concello non é responsabilidade deste grupo de goberno. Ven arrastrada dos anos de goberno do partido popular nos anos noventa e pese a ela o entón alcalde, e case candidato nestas eleccións, incrementou o seu salario, co consentimento de moitos dos aquí presentes nun 15% nun ano.

Con que criterio obxectivo pretenden vostedes reducir o prezo/hora do contrato dun alcalde que segue, e se comprometeu a seguir coa mesma dedicación dos anos anteriores?

Entre plenos, comisións informativas e de goberno, tendo en conta que nos derradeiros catro anos houbo 133 saen aproximadamente a tres mensuais. Como o alcalde e o concelleiro que ten soldo non cobran por asistencias, hai que descontarlle 150€ do soldo, así que o alcalde queda en 1.065€ brutos por 7 horas e media diarias, e o concelleiro en 535,50€ por cinco horas e media diarias.

Con isto vostedes queren situar as retribucións do alcalde, por unha xornada completa moi por debaixo dun auxiliar administrativo en un punto medio entre os peóns e os auxiliares de axuda a domicilio. E ao concelleiro, na retribución por hora máis baixa de toda a plantilla, e só 12 euros por hora por riba do salario mínimo interprofesional. A pouco que para 2012 o goberno suba o salario mínimo, este acordo será a todas luces ilegal.

Van vostedes a acarearlle un gasto ao concello nun contencioso que será máis caro que o que se vai a aforrar. Explíquenllo logo aos veciños e veciñas cando o concello teña que pagar os atrasos, os intereses e as costas do contencioso.

Pero vótenlle valor e aproben este acordo. O informe do secretario non é nin obrigatorio nin vinculante. Apróbeno porque nolo van a poñer máis fácil. Como este acordo pode ser prevaricación de quen o vote a favor, será máis fácil de impugnar.

Prevaricar significa ditar a sabendas unha resolución inxusta e que constitúe unha clara manifestación de abuso de autoridade ou poder.

Rogo se axunte o informe do Sr. Secretario a Acta.

+ Intervén o portavoz independente:

Desde logo, desde logo si... si aquí falamos e empezamos todas estas resolucións de época franquista e de todo cando viñan e como viñan e todas estas cousas e tal pois realmente pois que quere que lle diga. Eu xa fai moito tempo que temos superado desde polo menos desde o grupo que representin e agora desde esta parte xa superamos moito o tema do franquismo e tal, tanto como 36 anos de entrada, é dicir que desde fai case uns 36 anos pois aquí son gobernos todos democráticos. Entonces, pois xa daquela...

É dicir, a normativa general, falando de todo, é o seguinte, mire. Nos non, a ver si se aclara, non estamos para nada en contra do informe do señor secretario porque estamos de acordo con el en canto que hai unha relación laboral, de traballo e de correspondencia. É dicir, o que estamos discutindo aquí é un salario, é dicir, a min me fai graza que agora se chamen a razón, é dicir, porque si desde o primer momento este concello decide, decide poñer un soldo, é dicir, pero non o fai este concello. Fano todos os concellos, é dicir, todos os concellos de España deciden, deciden cal é o soldo do alcalde e cantas dedicacións vai a haber nese concello, é dicir, que iso, non estamos incumprindo ningunha normativa. E con respecto a ese tema, pois, a partir de aí, partimos.

Xa que fala de respecto, polo salario que ten que ganar e iso, nos gustaría que este grupo de goberno tivera respecto a este pleno. E unha forma de ter respecto a este pleno, é que, desde que empezamos esta lexislatura, que eu sepa, non sei os outros grupos pero me da a impresión que vamos polo mesmo camiño, non se fixo a asignación que lle corresponden a estes grupos políticos, non se lle fixo ningún tipo de asignación e que me corrixa o señor concelleiro de... si liquidou algunha liquida... tanto aos plenos que asistimos como a nada, é dicir, cando fale vostede de respecto sobre o salario, empece sendo respectuoso cos grupos que forman parte do pleno, no soamente co grupo do goberno, entonces iso sería o primeiro. Me imaxino, me imaxino que esa falta de habilitar ese salario é por un tema moi sinxelo, a falta de liquidez de este concello. Porque senón, non o entendo. É dicir, Iso si que é prevaricar, eh? Iso si que é que a unhas persoas cobren e outras persoas que exercen tamén un dereito en outra, en outro escalafón, porque está presupostado tamén nos presupostos ben, para os órganos correspondentes do pleno, e os concelleiros por asistencia ao pleno. Todo iso está tamén aí. Entón me fai gra...

Fala vostede de cómo teñen o partido socialista. Non son eu o que ten que defender ao partido socialista, pero, é dicir, o da hora aí valorar. Pois mire, eu a primeira vez que sei, que, que me corrixa, que aquí se puxo un prezo a unha hora, é dicir, eu sei que os alcaldes cobran un soldo, x, pero non por hora de traballo e tal. Evidentemente que eu, desde logo, desde o grupo que represento, para nada estabamos de acordo con este tema da hora día mes. Eh? É dicir, entón, cando vostedes di quen ten que valorar unha hora. Pois mire vostede, claro que é difícil valorar canto é o traballo, e canto debe de ser. O

punto do que partimos é, 1, que este concello ten que ter claro que para o ano 2012 ten que ter un presuposto, e os órganos de goberno teñen uns cartos, eh? Entón iso non está feito... Nos non estamos provocando unha rebaixa do señor alcalde, nin do grupo de goberno. Estamos dando, e queremos un criterio dun soldo que vai a ganar o alcalde e, en todo caso, é dicir, porque o pleno é... ten a potestade incluso de non haber autorizado esas 5 horas e media ou que haba. É dicir, qué houbese pasado si neste concello o pleno de xullo de constitución do, de constitución non, o seguinte, que é onde se forman os órganos de goberno e a retribución dese órgano de goberno xa houbéramos votado directamente as retribucións? Pois eran as que hai. Pois agora nos o que lle vamos é, a votar as retribucións.

Nos di vostede de que prevaricamos? Pois non. Non prevaricamos. Porque a lei, lida e relida, a nos, o que nos di a lei, é que o pleno é soberano. E baseándonos en que o pleno é soberano, decidimos, decidimos esa retribución do señor alcalde e o que vai a ganar o iso.

E o que, aquí non se ven a cobrar. É dicir, que aquí o que non (ri), aquí, aquí non se ven a cobrar. É dicir, aquí, se vostedes... evidentemente, non se ven a cobrar unhas contías, porque, por exemplo, voullé dicir unha cousiña. É dicir. Traballar cinco horas e media, cinco horas e media a unha retribución de 1.300€, aplicándolle o coeficiente de oito horas, como traballa moita xente, implica 2.000€ brutos. Eu penso que 2.000€ brutos non é un salario nada desdeñable, eh? Ou polo menos eu penso que non é nada desdeñable, sobre todo tendo en conta o que falabamos dun concello de 2.000.

Agora a propia FEGAMP, a propia FEGAMP estase formulando definitivamente cal ten que ser o salario do... dos alcaldes, eh? Pero como isto vai para largo, e ao final, pois vai a haber o que vai a haber, pois mire, nos desde aquí temos que decidir non o que di a organización, é dicir, respectando todos os dereitos que teñan todas as persoas, pero o que si está claro é que a nos como, como pleno, nos facultan para dicir canto vai a ganar o señor alcalde deste concello, e canto vai a ganar os representantes do grupo de goberno que teñen asignados retribucións. Moitas grazas.

+ Intervén o portavoz popular:

Bueno. O de época franquista, bueno, paréceme trasnoitado, non? Xa (ri) a estas alturas o que eu xa... xa aplico non? Criterios novos. A estas alturas falar da época franquista... bueno, eu creo que aquí nos coñecemos todos, e estamos lonxe de esa época, pero... anos luz.

O de que cobraban case o alcalde ou non sei que, un 15% máis... Eu non sei. Aquí teño as nóminas miñas para que o señor que a está defendendo as vexa, se quere, en calquera momento, calquera luz público, e o rato que din antes, que se poden cotexar, aquí están todas, e bueno, o máximo que cobrei foron setecen... novecentos dezaseis euros, con dietas, extraordinarias e soldo na última época do 2007. Cas dietas que é ir a Santiago, ir a Lugo, ir a un sitio e ir a outro, bueno... se alguén o quere ver...

E só cobraba eu, eh? Para empezar, porque aquí, o que levaba cultura e deportes non cobraba nada, só cando ía a algunha reunión. Bueno, falarme deso me parece que me... ata me saca de quicio, non?

Bueno. A débeda do concello, cando nos estábamos rebaixámola, deixámola en setecentos e pico mil euros, nos tres anos que estivemos. Agora está sobre 1.000... 1.300.000€... creo que non hai nada que dicir sobre iso. As facturas pendentes que deixamos cando nos o deixamos, me parece que eran sobre 12.000€, se agora habería que preguntar, non sei canto estará, porque, ata que acabe o ano non vamos a mirar iso, pero, non sei. É que... non sei.

Nos, eu creo que xa fixemos a exposición, aprobamos o soldo do alcalde e dos concelleiros naquel momento por unhas circunstancias, porque non cobraban nada, e nos parecía lóxico que todo o mundo ten que cobrar, e agora, obviamente, que cobran outros soldos como eu cobraba, cando estaba, como Fernando cobraba, e os demais, e cobrábamos o que cobrábamos, que está aquí, pois agora, pois hai que adecuarse. Estamos en crise, e se hai que fastidiarse, pois hai que fastidiarse e aforrar. E eu creo que mil e pico euros para o alcalde, e trescentos... cincocentos non sei o que sae o outro, creo que é suficiente. E a nosa postura, eu creo que somos ecuanímes co... co noso parecer, e punto.

Polo tema do... do contencioso... gustaríanos saber quen, quen vai a meterse no contencioso, pero (inaudible). Vaino pagar o concello tamén?

Se produce un debate conversa inaudible por nos ser recollido polos micrófonos de gravación.

+ Intervén a portavoz socialista:

Bueno, pois feita a aclaración, que tiñamos aquí esa dúbida, porque realmente, se se nos falaba de que non había coñecementos na materia, remitiámonos aos artigos. Eu a única aclaración que quero facer respecto a isto, é dicir que, en todo caso, nos acollemos a unha competencia que creo que está regulada na Lei de Bases de Réxime Local, entón, que xa nos falou dela o portavoz do grupo independente. É dicir, o pleno ten potestade para, de feito, aprobar e... e revisar as retribucións dos... dos equipos de goberno. Entón esa é a nosa proposta, se hai... e o que mantemos e o que propoñemos.

Se hai algo que sexa ilegal, a min gustaríame que aquí se fixera concreto, que é o que é ilegal. Porque falábase de que isto non era concreto, eu creo que os datos están aí, e precisamente, eu creo que falar de retribución por horas non foi en ningún momento por parte nosa, senón foi, porque se formularon así, desde o concello como xustificación de eses salarios que se percibían, non? Que se lle asignaban aos grupos de goberno. Pero non.

E a ver se dou contestado... si me queda algunha sen contestar, por favor avíseme, porque si que me gustaría contestar a todas. Mire, para empezar. Falaba de que se subira o soldo un 15%?, as retribucións? De este ano? Bueno, eu teño que dicir, ou temos que dicir que nos dous mil... na lexislatura anterior foi cando se reduciu o soldo de todos os funcionarios un 5%, eh? Por iso non, por iso no primeiro pleno non estábamos de acordo, porque había un incremento, os soldos non están a subir, as medidas é necesario tomalas, non só se nos reduciu a todo o mundo un 5%, aquí, aos funcionarios do concello reduciúselle a todos un 5% tamén, os equipos de goberno daquel momento redu... propúxoselle reducirse un 5% tamén, e as únicas persoas que mantiveron o seu soldo e que non quixeron reducir ese 5% foi o grupo do B.N.G., de goberno, naquel momento, na lexislatura anterior.

Con respecto aos soldos do partido socialista teño que dicirlle, que durante as o... durante a lexislatura que estivemos aquí, a dedicación eran de oito horas a repartir, dous... 4 horas repartían os meus compañeiros, dúas cada un, e 4 horas tiña eu, e cobramos os tres exactamente igual, así que faga a proporción, xa que ten as matemáticas moito mellor que os demais, segundo parece. Porque eu por catro horas cobraba 343€, exactamente igual que os meus compañeiros. Os meus compañeiros cobramos os tres 343€ líquidos, pola dedicación ao concello.

E se non compartíamos, non era pola retribución das horas, senón polo que supón, pola carga que supón a este concello, pois, os soldos que se estaban a cobrar que eran os setecentos, me parece que setecentos e pico, eh? do outro concelleiro, e que nos parece suficiente neste concello a com... ou sexa, compaxinar esa proporción de dedicación coa profesión de cada un, e todos temos unha profesión que compaxinábamos.

Non sei... ah! Tamén se preguntaba se esta proposta que temos aquí a aceptaríamos se estivéramos nos. Pois por suposto que si. A proposta que facemos para estar aquí, para vostedes, por suposto que a aceptaríamos tamén para nos. E agora dígame se me queda algunha outra pregunta sen contestar.

+ O portavoz do goberno municipal, di:

Si, quedalle aquí unha. Creen os propoñentes desta moción que o feito de que o alcalde non... de que o alcalde non teña maioría xustifica a redución das súas retribucións?

Prodúcese un diálogo entre o portavoz do goberno e a portavoz socialista para aclarar o sentido da pregunta xa que ela non a oíra ben.

+ A portavoz socialista, di:

Vamos a ver. O alcalde supoño que... e aquí o poñemos, nos non somos quen de dicir cantas horas ten que dedicar el ao concello, pero se é capaz de compaxinar dúas profesións, supoñemos que os

momentos necesarios de descanso que se supón cando hai gardas de noite ou de fins de semana, pois serían necesarios.

+ O portavoz do goberno municipal, di:

Non respondeu á pregunta, pero bueno.

+ A portavoz socialista, di:

Eu entendo iso.

Prodúcese un diálogo inaudible entre varios membros da corporación tras o que o portavoz do goberno, di:

A miña pregunta é: Cre... creen os propoñentes desta moción que o feito de que o alcalde non teña maioría xustifica a redución das súas retribucións?

+ A portavoz socialista, di:

É que non ten nada que ver o ter a maioría absoluta coas retribucións que esta... eu creo que calquera alcalde que traballa neste concello ten que ter un soldo, independentemente de que teña maioría absoluta ou non. Ten que ter unha retribución económica, para min, ou sexa eu, nos pensamos que non ten absolutamente nada que ver. O que si quería matizar é que tamén nos falou de que había un concelleiro que cobraba que nin sequera era da Xunta de Goberno. Eu non sei, se agora logo, se todos os concelleiros que cobran, primeiro son da Xunta de Goberno. E segundo, ser da Xunta de Goberno supón ter reunións, tomar decisións, pero ser un concelleiro, e xa que se refire ao concelleiro de cultura, creo que a labor que fixo quedou máis que xustificada, e os 343€ que percibiu, sen máis, tamén quedaron totalmente xustificadas.

+ Intervén o portavoz independente:

Puntualmente, soamente este tema. Claro que... que inflúe o tema de que non teñan vostedes a maioría. Porque senón aplicarían o que se chama o rolo, é dicir, vostedes poñerían o soldo, as de... os pagamentos aos concelleiros do grupo de goberno que ten. Pero é que é labor do señor alcalde levar a cabo todo. Iso pasa nos presupostos, pasa en todo. É dicir. Para sacar adiante as cousas hai que ter unha, unha maioría que é para que sustente ese goberno. Entón está claro, está claro que se vostedes non teñen ese goberno, tal.

Pero é, como apuntaba tamén o compañeiro do... do partido, compañeiro de pleno, vamos, do partido popular, que é o seguinte, é dicir, vostedes que, nin sequera a alcaldía sacaron por maioría e temos un señor alcalde. Non sacaron tampouco por maioría nin de, digamos, ese, bueno, ese, esas contías sacáronas naquel pleno pero, sen ter a maioría, entón tampouco é iso. Simplemente que se vostedes aplican un rolo, é dicir, evidentemente, se teñen unha maioría, aplican o que se chama vulgarmente un rolo, e está... Pero mire. Pero non é iso o que se discute. Estamos agora de que hai unha ampla maioría deste pleno, que somos representantes dos cidadáns de Puebla, que entendemos que os salarios que, que se perciben neste concello actualmente, e cara ao 2012, é dicir, onde todo hai unha, unha baixada substancial, é dicir, se se van a rebaixar servizos sociais neste concello, porque se van a rebaixar, se se van a rebaixar obras, pois o normal, eh? hai que apertarse o cinto, empezando polo grupo de goberno tamén.

+ O alcalde di:

Quere a portavoz do grupo socialista que o secretario lle aclare o informe sobre a legalidade deste acordo?

+ A portavoz socialista, di:

Que é o que... que concrete. Que concrete o que é ilegal. Que se concrete aquí, eu non llo pido ao señor secretario nin a ninguén. Se isto é ilegal que se... (interrompe o alcalde producíndose un diálogo inaudible entre ambos) A ver, perdón. O portavoz do grupo... do grupo do B.N.G., creo que deixou

claro que era ilegal, que íamos a votar algo ilegal. E eu o único que pido, que lle pido, é que concrete que é o que é ilegal.

Prodúcese un diálogo entre o alcalde (inaudible), a portavoz socialista e o portavoz do goberno, que de forma mesturada din, ela que foi el quen dixo que era ilegal, e que no informe do secretario non leu que fose ilegal, e el, que o di o informe do secretario. Remata falando o portavoz do goberno municipal:

Mire, voulle ler só o último parágrafo do informe, que eu é no que me baseo: “En consecuencia do exposto, (di: xa para non ler todo o outro) o secretario que subscribe considera que o acordo proposto podería ser ilegal, mesmo, no seu caso, inconstitucional, e, en todo caso, non motivada.”

A portavoz socialista, di:

Podería ser ilegal. Entón, pódese aclarar en... (interrompen o alcalde e o portavoz independente, e finalmente fala o secretario.

Obviamente pon “podería ser” porque quen decide son os tribunais. En calquera, en calquera preito que, que no mundo haxa, hai dúas partes que as dúas partes cren, cuxos avogados cren o din crer ter a razón, obviamente nunca a teñen os dous. Digo que, ao meu xuízo, tal como está a proposta do acordo podería ser ilegal, ou sexa, podería ser declarado ilegal. Loxicamente, quen ten que declaralo ilegal son os tribunais. E o, e o asesor que diga isto é así, está mentindo.

+ Pide a palabra o portavoz independente, e o alcalde denégalla. Intervén, non obstante, e di:

Se me permite, pero é que... estanse (inaudible) É dicir. Un debate nunca o pode pechar o secretario. Ou sexa, iso está claro, (o secretario intenta dicir que el non debate, só aclarou o informe. O alcalde retíralle a palabra ao portavoz independente, quen sigue) e dicir, o secretario segundo (inaudible) Mire. Quérolle facer unha pregunta ao señor secretario. Porque aquí ao que estamos é para intentar que, digamos, que nos aclaren a maior. É dicir, e sabe que eu por iso pódolle pedir en calquera momento, vostede despois... pero permítame polo menos que lle pregunte. É dicir, en calquera momento ao señor secretario se lle pode dicir que informe sobre unha materia. Entón eu quérolle preguntar. Ao señor secretario. Vostede despois poderá darlle permiso ou non ao señor secretario que informe.

Mire. Está moción presentouse o 12 de decembro. Estamos hoxe a 28. pasaron 16 días. Hai un texto, que é El Consultor, como moi ben sabe o señor secretario, que a onde normalmente se lle fan as consultas, tampouco é a biblia da xurisprudencia local, pero hai o tema que é El Consultor. E mire unha... unha vostede. Aquí non nos fai ningunha referencia sobre ese tema. Eu supoño que se se lle pide un informe, ao señor secretario, penso, quero pensar, que informouse a través de El Consultor e iso. Non sei se, a día de hoxe, é que ao señor secretario non lle chegou esa información, se non a pediu, ou que pasa. Pero, referente a todo isto, direille que El Consultor normalmente da, para arriba e para abaixo, todas as cousas que poden ser a OIT, a Constitución, a igualdade entre os salarios dos homes e as mulleres. Todo iso está moi ben. Pero ao final, ao final El Consultor, ao final o que diría é, que o pleno é o que establece as retribucións do alcalde, e as, as libranzas e con retribución económica dos concelleiros do grupo de goberno. Moitas grazas.

+ Autorizado polo alcalde intervén o secretario:

O secretario non ten por que consultar El Consultor, que é unha simple editorial como hai máis, La Ley, Espùblico. Pero o secretario non ten obriga de consultar nin El Consultor nin ao Oráculo de Delfos. Entón, o secretario o que ten é que informar sobre a lexislación que existe. Eu podo usar a base de datos de El Consultor, ou calquera outra base de lexislación. Ou podo usar internet. Eu, de feito, de feito, buscando antecedentes desta proposta, ao non aparecer ningún, formúlome cal é a causa e atópoa principios xerais inspiradores do dereito... do dereito laboral e unhas resolucións de organismos internacionais, que son lei neste país, porque España asinou eses tratados internacionais, que indican claramente os dereitos dos traballadores (inaudible) O que diga El Consultor é a súa interpretación da lei, as veces acertada, e outras non.

+ Interrompe o portavoz independente:

A verdade é que El Consultor ten un certo... ten un certo arraigo entre a lexislación, digamos, local e se consulta moito, moito...

+ O secretario engade:

Máis arraigo ten o Boletín Oficial do Estado.

+ O portavoz independente, remata:

Bueno, iso xa veremos...

+ Intervén o portavoz do goberno municipal:

Bueno. Xa dixemos no pleno extraordinario do mes de outubro que o alcalde se ía dedicar plenamente ás labores da alcaldía, tal e como viña facendo nestes últimos catro anos, e que se ía dedicar á súa profesión o tempo que lle deixase libre a alcaldía. É dicir. Exercerà a súa profesión fora do horario que lle dedique ao concello. O mesmo temos que dicir do concelleiro.

A crise non é un motivo para rebaixar o salario, pois o único competente para rebaixar o salario é o Goberno do Estado por medio dun Decreto Lei, como sucedeu coa rebaixa, que mencionamos antes, do 5%. O concello, debido a crise, pode tomar outras medidas, como reducir servizos, pero nunca rebaixar o soldo dos empregados.

No que, no que falaba antes, da rebaixa esta do 5%, dende o grupo de goberno pensamos que esta redución non se debeu producir, e nos fomos contrario a ela, no seu momento. O salario do alcalde non sufriu incremento durante os últimos catro anos, polo que ese 5% de rebaixa, cero que xa está xustificado. Por outra banda, este grupo de goberno cobra 17.000€ menos que na anterior lexislatura mantendo as mesmas funcións. Díganos que funcións temos que suprimir. Na anterior lexislatura, ou sobran persoas, ou sobran salarios.

Logo, despois, dicirlle, ao portavoz do... da agrupación independente, que as asignacións aos grupos políticos páganse normalmente cada seis meses, non cobraron nin vostedes, nin nos nin ninguén. E despois teño que dicirlle, ao portavoz popular, que el cobraba. E tamén cobraba o tenente de alcalde.

O alcalde anuncia que se vai a proceder á votación, e o portavoz independente di:

Eu creo que se debe ler a moción como queda. O que se vai votar.

O secretario procede á lectura do texto seguinte:

❖ Revisión salarial do equipo de goberno para o ano 2012, na seguinte porcentaxe:

- Asignar para o 2012 a retribución por hora diaria do Alcalde en 162 € mensuais. Isto significa unha rebaixa nun 40% a retribución por cada hora de traballo diaria o mes, respecto o ano 2011. En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de sete horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse xa que agora vai a ter outro traballo e non poderá estar tanto tempo na Alcaldía. Dita xornada cremos que no la debe indicar o Sr. Alcalde, xa que nos non sabemos o tempo que necesita para o seu traballo de veterinario.

- Asignar para o ano 2012 a retribución por hora diaria dos concelleiros en 125 € mensuais. Isto significa unha rebaixa nun 50% a retribución por cada hora diaria de traballo o mes, respecto o ano 2011. En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de cinco horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse; debido a que o Concelleiro que cobra este salario ten outras actividades profesionais, e entendemos que a xornada de cinco horas e media diarias de adicación o Concello non é compatible cos seus outros traballos, sobre todo cando un destes é a hostalería. Dita xornada cremos

que no la debe indicar o Concelleiro D. Manuel González Moreira, xa que nos non sabemos o tempo que necesita para as súas actividades profesionais.

Cabe sinalar que as retribucións económicas que se sinalan nesta moción, corresponden as cuantías brutas mensuais, e que serán asignadas en 14 retribucións anuais.

Parécenos de xustiza, adaptar e rebaixar o salario dos membros de goberno, debido a situación de crise actual, a débeda excesiva que hai neste Concello, e que todos membros do goberno teñen outros traballos e as súas respectivas profesións.

+ Intervén o portavoz independente:

Vamos a ver. Aí non é iso, porque hai na proposta, en canto ás horas de traballo que tiña asignadas, que eran de cinco horas e media, entendemos que tamén deberían baixarse debido... debido a que o concelleiro que traballa es... bueno, etc. etc. Entón, nos gustaría saber tamén, ou senón tamén o propoñemos nos neste momento na moción, e fixar un número de horas. Digo porque lle damos a facultade ao señor alcalde de que fixe vostede esas horas.

+ O alcalde di:

Esa é unha pregunta? (interrompen varios, entre os que se oe a alguén dicir "non" e ao portavoz independente dicir "dentro da moción"). Como se dixo na primeira intervención, xa comentou que este alcalde se dedica, na actualidade, o mesmo que se dedicou durante catro anos e o mesmo que me dediquei estes tres últimos meses que estou exercendo a miña actividade privada, e o mesmo o señor tenente de alcalde.

+ Intervén o portavoz independente:

Non me refiro ao que se dedica o señor alcalde, me refiro ao señor concelleiro.

Óese unha mestura de intervencións, nas que só se distinguen as seguintes intervencións.

+ A concelleira Inés Olmo di:

(inaudible) cinco horas e media. Quere seguir traballando o mesmo, aínda que traballa noutras cousas, non?

+ O concelleiro Juan Ramón Méndez di:

Xa está arranxado.

O alcalde somete a votación a proposta que é aprobada cos sete votos a favor dos grupos Socialista, Independente e Popular, e os catro en conta do grupo Nacionalista.

Polo B.N.G. intervén José Luis Maceda para explicación do voto ao abeiro do artigo 30 do Regulamento Orgánico, xa que este grupo non interveu no debate.

Vou a intervir como portavoz do BNG para explicar o sentido do noso voto en contra fronte a esta moción, coa potestade que me confire o artigo 30 do Regulamento Orgánico que permite intervir aos voceiros do grupos que non interviñesen no debate.

Opoñémonos por moitos motivos:

É un momento no que non soamente defendo unha situación persoal senón que fago outras consideracións.

Consideramos que a moción que vostedes presentan hoxe o único que provoca é poñer en risco a dignidade política, sexa quen sexa o alcalde e da cor política que sexa. Entran vostedes nunha espiral complicada, (fraco favor lle fan a política). Con este tipo de actitudes acabarán conseguindo que soamente se dediquen á política os millonarios e funcionarios. O traballo político, ten que ser remunerado i esta remuneración non pode ser sometida á caprichos conxunturais do momento.

Os políticos somos os primeiros que debemos de escapar de demagoxias e ser os primeiros en dar exemplo.

Vostedes saben que as nosas retribucións están en consonancia e quizás por debaixo do que cobran outros alcaldes da comarca e de diferentes cores políticas de concellos de entidade semellante.

Afortunadamente, esta redución do salario é a primeira vez que se produce no ámbito local do noso país (non toda a oposición actúan como vostedes).

Miren esta decisión ten unha finalidade clara: ¿que é?

Acosar persoalmente a quen os veciños lle deron o seu apoio o día 22 de maio i entorpecer o que poidan o funcionamento do concello; entendemos que se trata dunha situación de abuso de poder e si me apuran poderíamos ata falar de presunta prevaricación, un acordo que vai en contra dun informe de secretaría e non vin ningún outro informe encima da mesa. Unha resolución que entendemos que non está suficientemente motivada, unha resolución na que vostedes aplican criterios distintos en función da estabilidade do goberno .

Xa o portavoz do grupo independente e segundo reflictan as actas afirmaba:

“-Entendemos outra vez que vostede hoxe con 4 concelleiros non dispón de autonomía nin sequera para o soldo (07/07/2011)”.

“-O pleno é soberano para fixar o soldo do alcalde pero tamén o é para varialo (24/10/2011).

Claro que si, pero atendendo á legalidade.

Vostedes falan de crise económica:

Coincidirán comigo que hoxe hai a mesma crises que fai 4 meses, cando o PSOE gobernada con nós, non lle diga nada en outros momentos moi críticos no ano 2000 para esta entidade con moitas débedas incluso non presupostadas que ascendían a 200 millóns de ptas., que aínda a día de hoxe supoñen unha rémora económica, e non por elo se plantexou unha baixada salarial do grupo gobernante todo o contrario unha subida do 15%.

¿Vdes. están convencidos de que o problema económico é o salario do grupo de goberno?

Cando Vdes. estaban isto non supoñía ningún problema.

Saben ben Vdes.. que este grupo de goberno rebaixou en 17.000 euros o que perciben con respecto ao goberno anterior no que vostedes participaban e por desenvolver a mesma labor.

Non me contarán Vdes.. que pasará se se agudiza a crise ¿volverán a baixarnos as retribucións? ¿canto? ¿hai algún estudio que avale a rebaixa ou simplemente se debe a unha mera ocorrencia que tiveron? ¿cren Vdes.. concelleiros do PSOE que polo mesmo traballo nos percibamos a metade por hora que cobraban Vdes.?”.

Polo visto, ¿isto decídese en función de se están ou non no goberno?

Tamén preguntarán cantas horas voume dedicar ao concello, pois exactamente as mesmas que lle dediquei estes 4 anos, e as mesmas dende que xa exerzo o traballo privado, todas as que se podan, é dicir, todas as que esixe o cargo, todas as que se podan. Vds. foron alcaldes e saben que non hai horarios, o que hai é unha responsabilidade i un compromiso co veciños e a súa actitude non me vai condicionar neste senso.

¿Qué lle parecía si o Sr. Rajoy cobrase menos que o Sr. Zapatero?

Por mais esforzo que fago non atopo os motivos obxectivos para explicar a súa proposta, perdón, si lle atopo unha explicación: é un acto claro de abuso de poder, unha acción clara de acoso cara a miña persoa e o grupo de goberno que trata de dificultar e obstruír o exercicio do poder e da responsabilidade que me confiaron os veciños.

Entran Vdes.. nun terreo perigoso, espero que a xustiza teña sensibilidade para tratar este caso e moitos outros que poidan xurdir na política local, isto ten que servir para todos os que teñen representación política.

Entendemos que se está a plantexar unha moción de censura encuberta, atrévanse, teñan valor, gobernen, asuman responsabilidades, e deixen de facer esta oposición que non vai beneficiar aos veciños da Pobra.

Centren os seus esforzos i enerxías en facer propostas e plantexamentos que contribúan a xerar mais benestar para os veciños.

Teñen o poder na Xunta, no Estado, na Deputación, gasten enerxías neso e fagan unha política construtiva como pregoaron o día do Pleno de organización, polo ben de tódolos veciños.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e unha horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a cinco de xaneiro de dous mil doce.

v. e pr.

O Alcalde,



Asdo.: José Luis Melero Vilarinho



Asdo.: Rafael Casado Reboiro

